Galicia Escena PRO

2025

Do 2 ao 5
de xuño de 2025

**Santiago
de Compostela**

XUNTA
DE GALICIA

Catálogo

Programación

LUNS 2

12.00
SALÓN TEATRO
Maruxiña (45 min)
Aurora Artes Escénicas

13.30
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO
Pitching (40 min)
A derradeira leición do mestre. Grupo Chévere
A metamorfose. Sarabela Teatro
Manual de patronaxe. Teatro do Noroeste
Oh, mammi blue! Cinema Sticado
Xoguetes rotos. Barrosanta e ButacaZero

16.30
TEATRO PRINCIPAL
Vitória (60 min)
Iria Pinheiro

18.00
PRAZA DE MAZARELOS
Trïade (14 min)
Colectivo Glovo

18.20
IGREXA DA UNIVERSIDADE
Anfibia (25 min)
La Guajira

20.00
SALÓN TEATRO
Ubasute (60 min)
Berrobambán

MARTES 3

11.00
TEATRO PRINCIPAL
Bulebule (40 min)
Os Náufragos Teatro

12.00
AUDITORIO ABANCA
Todo lo posible (65 min)
Nueveuno circo

13.30
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO
Pitching (55 min)
Galerock 'N' Magic. Mago Teto
Monte. Laboratorio Escénico
Ninguén tira fotos nos enterros. Carlota e Compañía
O arcón de Noa. Amarelo Cía.
O espírito de Vania. Machi Salgado
Os Senteito. Caramuxo Teatro
Todas temos a mesma historia. LaGriot'te

16.30
SALÓN TEATRO
Tromsø (80 min)
Morraoconto

18.30
PRAZA DA QUINTANA
Honest (13 min)
Cía. Kiko López
Rogelio III. La fête (50 min)
AsSircópatas

20.00
TEATRO PRINCIPAL
O proceso (75 min)
Malasombra

22.30
SALA RIQUELA
Concerto
Capital Voskov

MÉRCORES 4

11.00
SALÓN TEATRO
Compaña (50 min)
Xampatito Pato

12.00
IGREXA DA UNIVERSIDADE
Cicatriz (50 min)
Kirenia Danza
Cuentas corrientes (15 min)
Jessica Castellón & Boris Orihuela

13.30
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO
Mesa
Boas prácticas na distribución de espectáculos

16.30
TEATRO PRINCIPAL
As gardiás ou o nó do tecelán (90 min)
Teatro de Ningures

18.30
AUDITORIO ABANCA
Reconversión (105 min)
Ibuprofeno Teatro

20.30
SALÓN TEATRO
Transeúnte (50 min)
Daniel Rodríguez

XOVES 5

11.00
IGREXA DA UNIVERSIDADE
Os contos do Lobicán (40 min)
Redrum Teatro

12.00
AUDITORIO ABANCA
María Visitación Consolación Amadora (75 min)
Loia Producións

13.30
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO
Mesa
A remuda na programación escénica. Outros modelos

16.30
SALÓN TEATRO
Aurora Boreal (50 min)
Paula Quintas Cía.

18.00
TEATRO PRINCIPAL
Un deus salvaxe (70 min)
Talía Teatro

Espectáculos

Galicia
Escena
PRO

Maruxiña
Aurora Artes Escénicas

Luns 2 de xuño | 12.00 h
Salón Teatro

Maruxiña inspírase no conto clásico de *Polgariña*, de Hans Christian Andersen. É un espectáculo de Aurora Artes Escénicas en clave cómica, interdisciplinario e con música en directo, onde a protagonista investiga o mundo que a rodea despois de nacer no tarro da hortensia da señora Lola. Un día, Maruxiña descobre que fóra dese tarro hai un mundo moito máis grande, que hai persoas amigas e outras que non o son tanto, que lle gustaría voar... E repara en que o realmente importante é poder decidir libremente o que quere para ela.

FAMILIAR, A PARTIR DE 3 ANOS
TEATRO E MÚSICA EN DIRECTO
45 MINUTOS

Corsino

Autoría
Laura Sarasola

Dirección
Laura Sarasola
Alma Sarasola

Elenco
Laura Sarasola
Alma Sarasola

Adaptación
Laura Sarasola

Escenografía
Aurora Artes Escénicas

Iluminación
Suso Jalda

Son
Suso Jalda

Vestiario
Anahí Taraburelli

Música
Alma Sarasola

A compañía

Aurora Artes Escénicas é unha compañía de moi recente creación formada por Alma Sarasola e Laura Sarasola. *Maruxiña* é o seu primeiro espectáculo.

Alma Sarasola é trompista e, desde 2018, é profesora de trompa, de música de cámara e de música e movemento no Conservatorio de Música de Carballo. Tamén é unha das fundadoras de CatroCores e de InVento. Laura Sarasola é actriz, diplomada en educación primaria e codirectora de Caramuxo Teatro. Desde 2002 compaxina o seu traballo profesional como actriz co de mestra de interpretación para adultas e pequenas. Actualmente é docente na Escola de Interpretación de Narón.

Contratación

Helena Capera-Urdime
604 019 213
helena@urdime.net

Emi Candal-Urdime
619 920 335
emicandal@urdime.net

Vitória
Iria Pinheiro

Luns 2 de xuño | 16.30 h
Teatro Principal

Vitória é o retrato dunha denuncia. Unha peza de teatro autobiográfico que conta o proceso xudicial ao que se someteu a actriz Iria Pinheiro cando interpuxo unha denuncia por acoso sexual contra o director do programa de televisión no que traballaba. A peza reconstrúe a historia que vai desde 2017 a 2023, intercalando a documentación xudicial do proceso co xogo e a ironía característicos do cabaré.

Adarme Visual

ADULTO
TEATRO DOCUMENTAL
E CABARÉ

60 MINUTOS

Autoría
Iria Pinheiro

Dirección
Susana Villaverde
Victoria Pérez
Salvador del Río
Iria Pinheiro

Elenco
Victoria Pérez
Salvador del Río
Iria Pinheiro

Escenografía
Abalo&Pinheiro

Iluminación
Daniel Abalo

Son
Daniel Abalo

Vestiario
Atôla

Música
Mónica de Nut
DJ Concha

Apoio á dramaturxia
Vanesa Sotelo
Ricardo Correia

Axudante de dirección
Susana Villaverde

Coprodución co Auditorio Municipal de Cangas e A Casa da Esquina (Coímbra) e co apoio da Câmara Municipal de Valença do Minho

A compañía

Iria Pinheiro é actriz e dramaturga. Como creadora investiga as posibilidades da palabra escénica, con diferentes formacións, desde 2009. En 2018 empeza a escribir e representar teatro documental co espectáculo *Anatomía dunha serea,* producido por Grupo Chévere, polo que recibiu en 2019 dous premios María Casares: mellor actriz e mellor texto orixinal, este último xunto coa poeta María Lado. En 2019 recibe o Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva pola súa traxectoria como actriz.

Contratación

Iria Pinheiro
633 340 983
iriapinheirosantos@gmail.com
www.grupochevere.eu/Equipo/29-Iria-Pinheiro

Trïade
Colectivo Glovo

Luns 2 de xuño | 18.00 h
Praza de Mazarelos

Trïade ten como punto de partida esa necesidade de xuntarse, vincularse e bailar, desde o coidado e a escoita, nun espazo feminino que procure unha xenealoxía feminina, unha orde simbólica persoal e independente, inspirado pola tríade lunar e a súa idea do eterno retorno: vida, morte e renacemento. Peza de curto formato para espazo non convencional con marcado carácter ritualesco e de culto ás devanceiras e ás raíces.

Hugo Pereira

TODOS OS PÚBLICOS
DANZA
14 MINUTOS

Dirección
Esther Latorre
Hugo Pereira

Coreografía
Esther Latorre

Elenco
Esther Latorre
Sybila Gutiérrez
Paula Serrano

Vestiario
Adolfo Domínguez

Música
Baiuca
Mercedes Peón

Co apoio de INAEM-Ministerio de Cultura-Gobierno de España, Danza a Escena, A Casa Vella de Allariz, L'Estruch-Fàbrica de creació de les arts en viu de Sabadell, residencias artísticas Dantzalabea do Teatro Barakaldo e Bienal de Arte Contemporânea de Trás-os-Montes, Macedo de Cavaleiros

A compañía

Somos Colectivo Glovo, unha compañía de danza galego-portuguesa con sede en Galicia, codirixida por Hugo Pereira e Esther Latorre. Desde a súa fundación, Colectivo Glovo percorreu diferentes países como España, Portugal, Italia, México, Costa Rica, Corea do Sur, entre outros. As súas pezas foron recoñecidas con diversos premios e mencións en festivais por toda Europa. Hugo e Esther exercen como bailaríns, directores e coreógrafos da compañía, acumulando ao longo da súa traxectoria importantes recoñecementos, bolsas e distincións. Son, ademais, os creadores e responsables do programa de residencias artísticas Atopémonos Bailando, que se desenvolve na cidade de Lugo.

Contratación

Hugo Pereira
604 002 295
colectivoglovo@gmail.com
www.colectivoglovo.com

Anfibia
La Guajira

Luns 2 de xuño | 18.20 h
Igrexa da Universidade

Este espectáculo fusiona o circo co mundo dos monicreques, creando imaxes e escenas que transportan o espectador a un mundo surrealista e onírico.

Un personaxe solitario en busca de compañía explora a súa imaxinación para dar vida a cada un dos seus pensamentos. A través deste proceso, consegue sentirse acompañado e leva o público por un camiño cheo de sorpresas e risas.

Raquel Castro

ADULTO
DANZA CONTEMPORÁNEA
E PERFORMANCE

25 MINUTOS

Autoría
Ana Beatriz Pérez «Betty»

Creación e interpretación
Ana Beatriz Pérez «Betty»

Dirección
Ana Beatriz Pérez «Betty»

Música
Ismael Berdei

Vestiario
La Guajira

Acompañamento na dirección escénica
Ana Vallés

Acompañamento coreográfico
Rut Balbís

Fotografía e vídeo promocional
Raquel Castro

Produción e distribución
La Guajira

Co apoio do Museo de Belas Artes da Coruña, do Museo MIHL de Lugo e de Colectivo Glovo

A compañía

La Guajira é un proxecto artístico que xorde no ano 2023, formado por Ana Beatriz Pérez, Armando Martén e Ismael Berdei, tres artistas de ampla traxectoria profesional que converxen nun punto común: a expresión artística. Os tres son parte do tecido artístico e docente da Coruña e continúan cara a adiante impulsados polo desexo de descubrir outros camiños dentro da investigación e a creación.

La Guajira é a oportunidade de empezar un camiño novo, co sedimento que proporciona a experiencia e, á vez, coa visión actualizada dos novos tempos.

Contratación

Ana Beatriz Pérez Enríquez
650 681 556
laguajira523@gmail.com
www.laguajiradanza.com

Armando Martén Caballero
629 564 759
beaarmando@yahoo.es

Ubasute
Berrobambán

Luns 2 de xuño | 20.00 h
Salón Teatro

Ubasute é o texto máis recente da dramaturga Paula Carballeira, Premio Nacional de Literatura Dramática 2023. Foi recoñecido pola revista *Babelia* como un dos cinco mellores textos editados en galego (Editorial Galaxia) en 2024. A peza é finalista na categoría de teatro dos Premios Follas Novas do Libro Galego 2025.
Ubasute é un termo xaponés que significa, literalmente, «abandono dunha persoa anciá» e refírese ao presunto costume de deixar nunha montaña ou nun lugar afastado un parente vello ou enfermo. A nova proposta de Berrobambán conxuga xéneros e abre enigmas para colocar a atención na reflexión arredor do abandono.

Ubasute estreouse en marzo de 2025 na Casa da Cultura do Milladoiro, Ames.

Berrobambán

ADOLESCENTE E ADULTO
TEATRO
60 MINUTOS

Autoría
Paula Carballeira

Dirección
Vanesa Sotelo

Elenco
Rocío González
Xosé Barato
Lez Cameselle

Escenografía
Beatriz de Vega
Chiqui Pereira
Diego Castro
M. P.

Iluminación
Beatriz de Vega
Chiqui Pereira
Diego Castro
M. P.

Son
Nvelar

Vestiario
Lola Armesto
Lombardía

Música
Nacho Sanz

Imaxe gráfica
nadina gráfica

Gravación
Míriam Rodríguez

Produción
Chiqui Pereira

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

A compañía

Desde a súa creación no ano 2000, Berrobambán produciu máis de vinte espectáculos de teatro dirixidos a todo tipo de público. Hai uns anos a compañía deu un xiro ao seu modelo inicial de creación para apostar por novos elencos e linguaxes e ter a ollada posta na internacionalización. As últimas produción da compañía son *Hai quen escolle os camiños máis longos* (2023), dentro da triloxía do bosque, e *Mulleres que viven soas* (2024). En marzo de 2025 estreou *Ubasute*. Berrobambán tamén colabora puntualmente con editoriais como Edicións Positivas, Xerais ou Galaxia na publicación de textos teatrais, unidades didácticas e campañas de animación á lectura.

Contratación

Helena Capera-Urdime
604 019 213
helena@urdime.net

Emi Candal-Urdime
619 920 335
emicandal@urdime.net

Bulebule
Os Náufragos Teatro

Martes 3 de xuño | 11.00 h
Teatro Principal

Bulebule é unha travesía cara á igualdade que busca poñer en valor outras formas de ser e estar no mundo. A través da historia de Candela, unha moza curiosa e enérxica, a peza aborda con tenrura a igualdade de xénero, a visibilización das mulleres pioneiras nos oficios do mar, o TDAH e o coidado do medio mariño.

Candela busca o seu lugar nun mundo que non sempre a entende. Acompañada por Bruno, que vive nun faro, fai que nos mergullemos nunha travesía que, entre redes, música e salitre, convida a reflexionar sobre a diversidade, os estereotipos e as barreiras invisibles que afectan ás mulleres que se afastan da «norma».

FAMILIAR
TEATRO
40 MINUTOS

Claudia L. Franco

Autoría
Gustavo del Río

Dirección
Gustavo del Río

Elenco
Irene Lorenzo
Jimmy Núñez

Escenografía
Claudia L. Franco

Iluminación
Daniel Pais

Son
Daniel Pais

Vestiario
Os Náufragos Teatro

Música
Daniel Valentín

Asesoría dramática
Verónica Rego

Axudantía de dirección
Rebeca Vecino

Distribución en Galicia
Urdime

A compañía

Os Náufragos Teatro é unha compañía cun amplo percorrido ás súas costas por escenarios de dentro e fóra de Galicia. Fortemente comprometida co teatro social, leva décadas dando visibilidade ás realidades dos colectivos máis vulnerables ou marxinais, abordando temáticas como a discriminación por razón da identidade sexual, a diversidade funcional, o acoso escolar ou a violencia intrafamilar.

Con *Hugo,* a compañía obtivo o premio María Casares 2022 ao mellor espectáculo infantil e o premio do público 2023 da Mostra de Teatro de Cariño, e foi a única compañía española seleccionada por ASSITEJ Internacional para o seu Congreso Mundial 2024.

Contratación

Gustavo del Río
639 463 730
osnaufragosteatro@gmail.com
www.osnaufragosteatro.com

Todo lo posible
Nueveuno circo

Martes 3 de xuño | 12.00 h
Auditorio ABANCA

Todo lo posible é un espectáculo de circo contemporáneo que fala da nosa relación co éxito, a necesidade de aprobación, as envexas, o amor e os aplausos. Un espectáculo que aborda o concepto social do éxito e o impacto que ten en nós como artistas, a través dos malabares, a maxia escénica, a música en directo, o son, o texto, a iluminación, as vídeo-proxeccións e as nosas experiencias reais como compañía de circo.

É unha loucura querer gustar a todo o mundo? É un límite? Un motor? Que é o éxito para ti?

Premio Talía 2025 ao mellor espectáculo de circo, outorgado pola Academia de las Artes Escénicas de España.



TODOS OS PÚBLICOS, A PARTIR DE 6 ANOS
CIRCO CONTEMPORÁNEO
65 MINUTOS

Autoría
Nueveuno circo

Dirección
Jorge Silvestre

Elenco
Jorge Silvestre
Nico Nale
Miguel Frutos
Fernando Santa-Olalla

Adaptación
Laura Presa
Fernando Gallego

Escenografía
Vanessa Actif

Iluminación
Carlos Marcos

Son
Manu Solís

Vestiario
Vanessa Actif

Música
Vaz Oliver

A compañía

Fundamos a compañía de circo Nueveuno en 2014 en Madrid. Durante todos estes anos buscamos un código escénico propio, coa nosa orixe na manipulación de obxectos e os malabares, traballando con eles en combinación con outras técnicas como as acrobacias, a maxia escénica, as proxeccións ou o traballo con texto. Confiamos nas grandes proezas circenses, pensamos que unha das responsabilidades do circo é a capacidade de sorprender e entreter, a capacidade de mostrar algo nunca visto. Pero tamén necesitamos emocionarnos e comunicar desde a nosa linguaxe, non só xerando risas, gargalladas ou aplausos, senón tamén incidindo na tristeza, a melancolía ou a rabia. Queremos falar do mundo que nos rodea e afecta; queremos xerar reflexión e encontrar a nosa voz propia.

Contratación

María Mariño-Kandengue Arts
698 147 660
maria@kandenguearts.com distribucion@kandenguearts.com
nueveunocirco.com/todoloposible/

Tromsø
Morraoconto

Martes 3 de xuño | 16.30 h
Salón Teatro

Cando un ser querido nos deixa, o baleiro que queda énchenos dun silencio que, ás veces, nunca conseguimos facer desaparecer. Un silencio que se aferra ao corazón apagando para sempre parte da súa luz.

Tromsø é unha reflexión en clave de humor dende a perda; sobre a vida, a morte e todo o que queda entre medias. É un canto á tristura, pero tamén á esperanza. Unha viaxe épica polos mares do norte, navegando entre tormentas, fiordes e enormes cardumes de arenque, na procura de respostas, nun lugar onde as candorcas, co seu canto, desgarran o silencio salvaxe da aurora boreal.

A PARTIR DE 16 ANOS
TEATRO, DANZA, MÚSICA EN DIRECTO, MÁSCARAS

80 MINUTOS

Román Sanín

Autoría
Rafa Martínez

Dirección
Rafa Martínez (texto e dramaturxia)
Esther Latorre (dirección de movemento)

Elenco
Miguel Gendre
Lara Pouso
Lidia Veiga

Escenografía
Morraoconto
José Faro «Coti»

Iluminación
José Faro «Coti»

Vestiario
Morraoconto
Ana Gesto

Música
Julia Ammerman (piano)
Lucía Iglesias (violonchelo)

Axudante de dirección
Clara Martín

Máscaras
Rafa Rey

Animacións, deseño e imaxe gráfica
Rafa Martínez

Cámara e corrección de cor
Román Sanín

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

Coa colaboración dos concellos de Ames, Santiago de Compostela, Vimianzo e Arzúa, Deputación da Coruña e CEMMA Cetáceos

A compañía

Morraoconto somos Rafa Martínez, Lara Pouso e Miguel Gendre.
A compañía nace como resposta á necesidade de crear unha plataforma de xestión propia coa que levar a cabo diferentes proxectos. Tentamos achegar valor engadido ás propostas escénicas, entendendo os procesos creativos como espazo de colaboración no que traballar con artistas e profesionais de diferentes disciplinas aos que invitamos a mergullarse no noso imaxinario. Sustentamos o traballo en tres piares fundamentais: liberdade creativa, experimentación e denuncia social.

Contratación

Miguel Gendre
679 453 776
ciamorraoconto@gmail.com
morraoconto.com

Honest
Cía. Kiko López

Martes 3 de xuño | 18.30 h
Praza da Quintana

Nesta emotiva narrativa, o protagonista mergúllase na animación dun obxecto, desencadeando un desafío interno que explora a beleza intrínseca do ser humano. A través desta viaxe, enfronta os terreos do xogo e o rexeitamento, revelando unha mirada fráxil e honesta. A relación entre o protagonista e o obxecto convértese nun espello de aceptación propia, explorando as complexidades da humanidade.

A historia é unha oda á autenticidade e ao descubrimento do lado máis fermoso de cada individuo.

TODOS OS PÚBLICOS
DANZA, TEATRO DE MÁSCARA
13 MINUTOS

Dirección e coreografía
Kiko López

Intérprete
Kiko López

Colaboración especial
Zero en Conducta

Creación de máscara
Marc Atelier

Música
Fink
Black Seah Dahu

A compañía

Kiko López é un artista valenciano, creador das artes escénicas, coñecido polo interese en crear diversas linguaxes artísticas nun solo para a escena. Actualmente está de xira co seu solo *Honest,* premiado nacional e internacionalmente, e coa obra *Lo que los árboles no cuentan,* creada con Héctor Plaza. Traballou con compañías recoñecidas como Zero en Conducta, Physical Momentum e creou obras como *Sr.W (Doble U), Etéreas* e *Djama*. Está investigando para a súa nova obra *PANT'S OFF.* Foi candidato a varios premios, incluídos os Premis IVC 2024 e os Premios MAX 2023.

Contratación

Kiko López
627 540 356
cia.kikolopez@gmail.com
www.kikolopez.es

Rogelio III. La fête
AsSircópatas

Martes 3 de xuño | 18.30 h
Praza da Quintana

Rogelio III. La fête é a última entrega dunha triloxía, onde nos volvemos atopar con Rogelio, un entrañable personaxe de ficción.

Que pasaría se ninguén viñese ao teu aniversario? Se ninguén che cantase os parabéns para ti? Rogelio volve estar só e, desta vez, no seu día máis especial. *Rogelio III. La fête* é un espectáculo de risas para toda a familia no que o actor Dani Blanco dá continuidade á saga do pallaso Rogelio. Circo, clown, corda frouxa, malabares, música e, sobre todo, moito humor.

A peza é unha coprodución de AsSircópatas e a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.
Foi un dos espectáculos finalistas a mellor proposta para público familiar nos Premios María Casares 2025.

TODOS OS PÚBLICOS
CIRCO E CLOWN
50 MINUTOS

Ana R. Figueirido

Autoría
Dani Blanco

Dirección
Natalia Outeiro «Pajarito»

Elenco
Dani Blanco

Escenografía
AsSircópatas

Son
María Dobronich

Vestiario
María Dobronich

Música
Zé Pumar

A compañía

AsSircópatas leva desde o ano 2003 medrando sen présa pero sen pausa utilizando a rúa e o circo como ferramentas imprescindibles de traballo. O seu fundador, Dani Blanco, é pallaso, bufón, improvisador e narrador oral. A compañía atopa na rúa e no circo a fórmula para compartir un xeito particular de ver o mundo, a vida e os conflitos, desde unha perspectiva libre, real, absurda, intelixente, estúpida, reflexiva...

En 2024, AsSircópatas estreou *As almofadas soñadoras,* o seu primeiro espectáculo de teatro e monicreques.

Contratación

Helena Capera-Urdime
604 019 213
helena@urdime.net

Emi Candal-Urdime
619 920 335
emicandal@urdime.net

O proceso
Malasombra

Martes 3 de xuño | 20.00 h
Teatro Principal

En 1880, o bispo de Ourense denuncia a Curros Enríquez por uns poemas do seu libro *Aires da miña terra,* un dos piares do Rexurdimento galego. A pesar da opinión contraria do fiscal, un xuíz dá curso á denuncia e o célebre escritor é procesado e condenado. A partir destes feitos históricos, Cándido Pazó constrúe unha peza teatral que, en ton de sainete cómico protagonizado por unha galería de personaxes populares do Ourense de finais do XIX, aborda con frescura e desenfado, pero con rigor e reflexión, a cuestión do hoxe en día chamado *lawfare,* así como outros temas (a lingua, a cultura, a identidade...) que seguen vixentes na actualidade.

ADULTO
TEATRO
75 MINUTOS

Autoría
Cándido Pazó

Dirección
Cándido Pazó

Elenco
Jouse García
Marcos Orsi
Paula Pier
Xoque Carbajal

Escenografía
Pablo Giráldez «O Pastor»

Iluminación
Alfonso Castro

Vestiario
Diego Valeiras

Música
Guillerme Fernández

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

A compañía

Malasombra producións creouse en 2006 por Xoque Carbajal. Hoxe, case dúas décadas despois, afianzamos un proxecto empresarial que non só xera cultura e ilusión, senón tamén postos de traballo, converténdose nunha das empresas con máis distribución en Galicia.

Contratación

Xoque Carbajal
696 462 929
xoquecarbajal@gmail.com
www.malasombra.gal

Compaña
Xampatito Pato

Mércores 4 de xuño | 11.00 h
Salón Teatro

Este espectáculo fusiona o circo co mundo dos monicreques, creando imaxes e escenas que transportan o espectador a un mundo surrealista e onírico.

Un personaxe solitario en busca de compañía explora a súa imaxinación para dar vida a cada un dos seus pensamentos. A través deste proceso, consegue sentirse acompañado e leva o público por un camiño cheo de sorpresas e risas.

Sol Álvarez

TODOS OS PÚBLICOS, A PARTIR DE 6 ANOS
CIRCO, MARIONETAS

50 MINUTOS

Autoría
Jesús Velasco

Dirección
Jorge Jiménez
Jesús Velasco

Elenco
Jesús Velasco

Escenografía
CruLe Producciónss

Iluminación
Rafael Díaz Ramírez

Vestiario
Alicia Tojo

Costura de bonecos
Lorena Mariño

Pintura
Raquel Germad

Co apoio de Café de las Artes Teatro, Zirkozaurre, La madriguera azul, Circonove e os concellos de Ames, Outes e Rianxo

A compañía

Jesús Velasco comeza a súa carreira artística en Galicia en 2011, entrando a formar parte da escola de circo Circonove. Entre os anos 2013 e 2015 continúa os seus estudos na escola de formación profesional Carampa e é aquí onde se forma a compañía Pass & Company, gañadora do Talent Madrid na disciplina de circo e artes alternativas. En 2016 a compañía crea *Juguete Roto 3p0,* premiado na sección Off do 18º TAC de Valladolid. En 2017 Jesús Velasco funda a compañía Xampatito Pato, coa que crea *Só.*, un espectáculo que tivo unha grande acollida entre o público e gañador, entre outros, do premio MUECA 2023, do premio do público en MalabHaría 2020 e do segundo premio Panorama Circada 2019.

Contratación

Jesús Velasco Otero
606 724 305
xampito@hotmail.es
xampito.wixsite.com/xampatitopato

Cicatriz
Kirenia Danza

Mércores 4 de xuño | 12.00 h
Igrexa da Universidade

Cicatriz é unha peza de danza contemporánea que lle pon corpo ao poema homónimo do icónico Antón Reixa, baixo a coreografía e dirección de Kirenia M. Acosta. Trescentos versos que comezan pola palabra «quero» que expresan o desexo e, se cadra tamén, o desexo do desexo como motor dinámico da vida. En escena, dous corpos suturados: o do referencial artista galego, que se inicia na danza aos 67 anos tras un accidente que o deixou en coma, e o dunha coreógrafa de orixe cubana cunha traxectoria atravesada por lesións e resistencia. A súa complicidade visibiliza o anti-idadismo e a inclusión. Un coloquio final convida o público a un ti a ti con estas vidas cheas de suturas.

ADULTO
DANZA INCLUSIVA
50 MINUTOS

Global Blue

Autoría
Kirenia M. Acosta
Antón Reixa

Dirección
Kirenia M. Acosta

Elenco
Kirenia M. Acosta
Antón Reixa

Escenografía
Suso Mareque

Iluminación
Daniel Rodríguez
Violeta Martínez

Son
Bruno Vaw
Marcos Payno

Música
Bruno Vaw
Alejandro Sande

Texto
Antón Reixa

Voces
Antela Cid
Uxío Novo

Fotografía e vídeo
Global Blue

Produción
Uxío Novo
Fany Vázquez

Espectáculo coproducido polo Centro Coreográfico Galego

A compañía

Kirenia Danza é unha compañía galega de danza contemporánea creada en 2019 por Kirenia M. Acosta, coreógrafa, bailarina e actriz. Codirixiu desde 2006 a Compañía Entremans, da man de Artestudio. Especializada na creación escénica contemporánea, concibe, dirixe, produce e distribúe proxectos artísticos onde se exploran novas formas de expresión vinculadas ao movemento e á palabra. Combina a produción de pezas propias con encargos coreográficos, colaboracións teatrais e literarias, así como proxectos formativos e de cooperación europea. Entre as súas creacións máis recentes destacan *Instante gradual, Emigrantas, Primeiro a vida!, Tres tristes 2.0, Otero, a bailarina española* e *Afectos*.

Contratación

Fany Vázquez-Artestudio
Distribución en Galicia
630 867 712
produccion@artestudioxestioncultural.com
www.kireniadanza.gal

Carlos M. Carbonell-CRÉMILO
Distribución fóra de Galicia
678 460 559
cnell@crmcarboemilo.es

Cuentas corrientes
Jessica Castellón & Boris Orihuela

Mércores 4 de xuño | 12.00 h
Igrexa da Universidade

Cuentas corrientes é un dúo de danza que explora, cunha mestura de humor e visceralidade, os límites emocionais e físicos aos que nos pode levar o contorno laboral, e que reflicte a obsesión polo éxito, o sacrificio persoal e a perda de identidade nun sistema que converte a vida en transaccións e roles efémeros.

TODOS OS PÚBLICOS
DANZA, TEATRO
15 MINUTOS

Autoría
Jessica Castellón
Boris Orihuela

Dirección
Jessica Castellón
Boris Orihuela

Elenco
Jessica Castellón
Boris Orihuela

Iluminación
Arian Araujo
Alba Postigo

Música
Eugenio Parra Guarino

A compañía

Jessica Castellón e Boris Orihuela, artistas gaditanos, combinan danza urbana, contemporánea e teatro físico. O seu traballo foi presentado en festivais como Dansa València ou Deltebre Dansa. Licenciados en Danza Contemporánea polo CSDV Nacho Duato, destacan como intérpretes en obras como *Helena y Paris,* de Taiat Dansa, e son creadores de pezas premiadas como *Quo Fugio* ou *Cuentas Corrientes*. O seu estilo conecta a linguaxe do corpo co universo visual do cine e o teatro.

Contratación

Boris Orihuela Pérez
662 082 726
jessicacastellon.borisorihuela@gmail.com
sites.google.com/view/
jessicastellon-borisorihuela

As gardiás ou o nó do tecelán
Teatro de Ningures

Mércores 4 de xuño | 16.30 h
Teatro Principal

O humilde piso de Rosa, nun edificio vello no corazón dun barrio popular dunha vila obreira, é o refuxio dunha tribo de catro mulleres maiores organizadas. Rosa, que está nunha cadeira de rodas, e as súas compañeiras Ana, Marga e Susana son operarias xubiladas da industria téxtil e están decididas a preservar a súa independencia. Cando a filla de Rosa, Vitoria, propón trasladala a unha institución médica e vender o apartamento, comeza unha loita entre dúas visións do envellecer ben. Enfrontadas ás decisións de Vitoria, as mulleres defenden o seu dereito a vivir xuntas e en liberdade e artellan unha serie de estratexias para convencer a Vitoria de que a súa é a postura mellor.

ADULTO
TEATRO
90 MINUTOS

Diego Seixo

Autoría
Nasser Djemaï

Dirección
Cristina Domínguez

Elenco
Casilda Alfaro
Melania Cruz
Amparo Martínez
Rebeca Montero
Sonia Rúa

Adaptación
Vanesa Sotelo

Tradución
Henrique Harguindey

Escenografía
Carlos Alonso

Iluminación
Héctor Pazos
Salvador del Río

Son
Héctor Pazos

Vestiario
Carlos Alonso

Música
Héctor Pazos

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

A compañía

Teatro de Ningures é unha compañía fortemente implicada co territorio, asentada nunha comarca densamente poboada, o Morrazo, e que sempre participou dos proxectos sociais e políticos da súa contorna. Activa á hora de realizar proxectos educativos, como na escola de teatro de Cangas ou coa Universidade de Vigo; artísticos, con máis de 30 montaxes teatrais; festivais, como a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas ou as mostras univesitarias en Vigo e Pontevedra, que, dun xeito ou doutro, responden ás necesidades sociais e culturais da veciñanza.

Contratación

Lilian Portela-Amarelo Distribución
610 106 808
lilian@amarelo.es
www.amarelo.es

Reconversión
Ibuprofeno Teatro

Mércores 4 de xuño | 18.30 h
Auditorio ABANCA

Espectáculo de gran formato para público adulto, con oito actores-músicos que forman unha charanga e interpretan a banda sonora en directo. Entre o íntimo e o político, a montaxe é un exercicio de memoria histórica arredor da reconversión naval na ría de Vigo. A obra céntrase na peripecia vital do pai do autor, un home que traballou no estaleiro Ascón durante 30 anos. Esta figura sintetiza as vivencias de toda unha xeración que sufriu o paro polo peche da factoría en 1984 e viviu as mobilizacións históricas que tiveron lugar nos anos 70 e 80.

Unha viaxe desde a posguerra ata o felipismo dos 80, pasando polo auxe da siderurxia e a evolución desde unha sociedade rural a unha capitalista.

ADULTO
TEATRO

105 MINUTOS

Texto e dirección
Santiago Cortegoso

Elenco
Artur Abad
Cristina Collazo
Santiago Cortegoso
César Goldi
Celia González
Davide González
Fran Lareu
Nani Matos

Escenografía
Pablo Giráldez «O Pastor»

Codirección e iluminación
Carlos Álvarez-Ossorio

Deseño de son e dirección musical
Alonso Caxade

Vestiario
Marián Bañobre

Xastrería
Bety Busto

Caracterización
Baia Fernández

Movemento escénico
Armando Martén

Imaxe e fotografía
Diego Seixo

Asistencia de dirección
Natalia Feijoo

Técnica en xira
Héctor Pazos
Laura Triñanes

Produción e comunicación
Fátima R. Varela

Distribución
Ibuprofeno Teatro S.L.

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

Co apoio do Teatro Rosalía Castro da Coruña, MIT de Ribadavia, Padroado da Cultura-Concello de Narón, Teatro Principal de Ourense e os concellos de Catoira, Vigo, Moaña, Carballo, Vilagarcía de Arousa, Ames, Oleiros, Pontevedra, Cangas, Lugo e Vimianzo

Diego Seixo

A compañía

En 2010 Marián Bañobre e Santiago Cortegoso fundamos Ibuprofeno Teatro co obxectivo de contar cunha estrutura de creación propia para emprender proxectos teatrais dun xeito independente. Xeramos espectáculos a partir de textos escritos previamente ou integrando a dramaturxia e a posta en escena nos procesos de creación. Gústanos coidar a dimensión plástica dos traballos, experimentando en cada proposta, para falar de temas que afectan ao ser humano contemporáneo, a través de personaxes que buscan a súa identidade individual nun contexto social globalizado e complexo que non conseguen controlar e que os leva a situacións absurdas e cargadas dun humor acedo e sarcástico.

Contratación

Santiago Cortegoso
696 730 037
ibuprofenoteatro@ibuprofenoteatro.com
www.ibuprofenoteatro.com

Transeúnte
Daniel Rodríguez

Mércores 4 de xuño | 20.30 h
Salón Teatro

Traseúnte é un espectáculo de catro bailaríns e dous músicos en directo, onde brilla o diálogo entre música, canto e baile tradicional coa danza contemporánea. Unha visión nova e fresca da simbiose entre tradición e contemporaneidade.

Transeúnte pon o foco na dualidade entre o permanente e o transitorio nos corpos da nosa xeración, atravesados polo folclore e a tradición, integrando influencias do noso contexto actual.

Transeúnte reflexiona e potencia a relación das novas xeracións coa tradición neste mundo tecnolóxico e globalizado onde aínda habitan os nosos instintos. Unha viaxe que honra o pasado, vive o presente e busca e abraza o futuro.

Lorenzo Negueruela

TODOS OS PÚBLICOS
DANZA
50 MINUTOS

Dirección e coreografía
Daniel Rodríguez

Intérpretes
Arnau Pérez
Laura García
Andrea Pérez
Daniel Rodríguez
Artur Puga
Aida Tarrío

Música en directo
Aida Tarrío
Artur Puga

Acompañamento artístico
Arnau Pérez

Produción musical
Javier Carreño
Acacia Ojea
Berto

Iluminación
Mauricio Pérez Fayos

Son
Alfonso Esky

Vestiario
Sheila Pérez

Texto
Sara Faro

Espectáculo coproducido polo Centro Coreográfico Galego

Co patrocinio do Concello do Porriño e a colaboración do Centro Coreográfico Canal de Madrid e A Casa Vella de Allariz

A compañía

Daniel Rodríguez é un bailarín e creador galego graduado polo Conservatorio Superior de Danza María de Ávila de Madrid. Actualmente, forma parte da Cía. Daniel Abreu na súa obra *Dalet (Da)* e é cocreador de Colectivo Banquet. Co seu primeiro traballo, *A raíz de,* recibiu o premio SóLODOS en Danza Ourense 2022, o Premio Xove do público novo, e foi nomeada mellor peza de rúa no Festival Internacional AR.CA 2023. Ademais, realiza proxectos como director artístico e coreógrafo de espectáculos e videoclips de artistas como Mondra (premio Mestre Mateo ao mellor videoclip 2025), Fillas de Cassandra ou Tanxugueiras.

Contratación

Daniel Rodríguez
608 860 480
danielrodriguezcia@gmail.com
www.danielrodriguezcia.com

Os contos do Lobicán
Redrum Teatro

Xoves 5 de xuño | 11.00 h
Igrexa da Universidade

Premio ao mellor espectáculo de monicreques nos XXIX Premios de Teatro María Casares e gañador do XV Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques 2022, *Os contos do Lobicán* é un espectáculo de monicreques musical, en verso, áxil e atrevido, destinado a nenos e nenas de entre 3 e 8 anos, que busca darlle a volta aos contos clásicos, ao tempo que transmite unha mensaxe educativa e valores universais como a amizade, a cooperación, o respecto pola natureza, o pensamento crítico e a importancia da imaxinación.

Álex Sampayo

INFANTIL
MONICREQUES
40 MINUTOS

Autoría
Eva Mejuto

Dirección
Álex Sampayo

Elenco
Victoria Pérez
Guillermo Carbajo

Escenografía
As Dúas e Punto

Iluminación
Carlos Álvarez-Ossorio

Música
Davide González

Ilustración
Nuria Díaz

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

A compañía

Redrum Teatro somos unha empresa cultural dedicada á produción e distribución de espectáculos teatrais constituída no ano 2009. Desde a nosa fundación, apostamos pola creación de espectáculos de diferentes formatos, sempre cun coidado valor estético e artístico como selo persoal da compañía e cunha clara vontade de fomentar o entretemento e a cultura en galego.

Contratación

Guillermo Carbajo
617 334 627
redrumteatro@gmail.com
www.redrumteatro.com

María Visitación Consolación Amadora
Loia Producións

Xoves 5 de xuño | 12.00 h
Auditorio ABANCA

Da man de Mariña coñeceremos a María Visitación Consolación Amadora. Diante de nós, anacos da súa memoria, coma se se tratase de traxes, padróns, arranxos que fixo ao longo da súa vida. Con ela coñeceremos o mundo das costureiras, o que as rodeaba social e economicamente, como foi a súa transformación. Axiña descubriremos que detrás está Lola.

Este espectáculo está baseado en máis de corenta historias de vida de costureiras, maioritariamente recollidas no proxecto Corcosendo do Instituto de Estudos Ulloáns. Queriamos poñer o foco na figura da costureira como patrimonio inmaterial galego. Vai por elas.

Mario Herradón

ADULTO
TEATRO
75 MINUTOS

Autoría
Paloma Lugilde

Dirección
Paloma Lugilde

Elenco
Aida Cobas
Clara Tallón
Miguel Varela

Adaptación
Paloma Lugilde

Asesoramento lingüístico
Rosa Moledo

Escenografía
Paloma Lugilde

Iluminación
Alfredo Sarille

Son
Miguel Varela
Paloma Lugilde

Vestiario
Dánae Mariño
Palimoco

Música
Miguel Varela

A compañía

Loia Producións é unha compañía de nova creación que nace na comarca da Ulloa co fin de poñer en valor o patrimonio cultural inmaterial dende o rural e co foco posto nas historias femininas silenciadas para axudar a visibilizalas.

Contratación

Aida Sánchez Expósito
626 645 87
loiaproducions@gmail.com
aidacobas.com

Aurora Boreal
Paula Quintas Cía.

Xoves 5 de xuño | 16.30 h
Salón Teatro

Aurora Boreal, unha peza de danza contemporánea que convida á contemplación e á reflexión sobre a fugacidade da vida e a súa conxelación fronte a unha sociedade de consumo fugaz. Partindo dunha estética nórdica e unha forte inspiración nas luminosidades fugaces das xeografías do norte, *Aurora Boreal* explora tamén a velocidade e a serenidade do efémero. *Aurora Boreal* non só é unha obra de danza contemporánea, senón un convite a experimentar a beleza do tránsito da vida e da natureza. Un espazo para a reflexión, a paciencia e a admiración.

Miramemira

A PARTIR DE 12 ANOS
DANZA CONTEMPORÁNEA PARA SALA
50 MINUTOS

Autoría
Paula Quintas

Dirección
Rut Balbís

Elenco
Paula Quintas

Escenografía
Octavio Mas
Xacobo Castro

Iluminación
Octavio Mas

Vestiario
Jandro Villa

Música
Macarena Montesinos
Nacho Muñoz

Asesoría de movemento
Tanit Cobas

Composición audiovisual
Carla Andrade

Foto
Alberte Peiteavel
Miramemira

Asesoría artística
Manu Lago

Deseño gráfico
Eva Díaz

Son
Macarena Montesinos
Nacho Muñoz

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

A compañía

Paula Quintas Cía. é unha compañía cunha traxectoria de dez anos producindo espectáculos de formatos e disciplinas diversas. Hibridar danza e circo é a súa marca. O seu traballo destaca polo diálogo entre o corpo e o movemento, xerando un compoñente visual e experimental a través de códigos contemporáneos.
Os seus últimos espectáculos como creadora son *Aurora Boreal* (2025), *Multiperspectivas#3* (2021-2024), *O salón dos pasos perdidos* (2023), *Nina Ninette* (2021), *SET* (2020), *Alma (non é hippie)* (2019), *Plastic* (2018), *Analepsis* (2017) e *Up2down* (2015).

Contratación

Lilian Portela-Amarelo Distribución
610 106 808
lilian@amarelo.es
www.amarelo.es

Un deus salvaxe
Talía Teatro

Xoves 5 de xuño | 18.00 h
Teatro Principal

Dous matrimonios, adultos e civilizados, atópanse para resolver un incidente protagonizado polos seus fillos pequenos: un deles partiulle dous dentes ao outro nunha pelexa no parque. Nada que uns pais civilizados non poidan resolver. Con este sinxelo argumento, Yasmina Reza compón unha sátira da sociedade contemporánea e fai unha disección, con moito sentido do humor, das relacións de parella, da educación, da competitividade... pero, sobre todo, do exceso de corrección política.

Fernando Fraga

ADULTO, NRM 13 ANOS
TEATRO
70 MINUTOS

Autoría
Yasmina Reza

Dirección
Artur Trillo

Elenco
María Ordóñez
Dani Trillo
Marta Lado
Toño Casais

Adaptación
Artur Trillo

Escenografía
Dani Trillo

Iluminación
Dani Trillo

Son
Diego Rey

Vestiario
Martina Cambeiro

Música
Manu Abraldes

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

A compañía

Compañía teatral cunha traxectoria de máis de trinta anos que persegue a dignificación das artes escénicas como transmisoras dos nosos valores culturais. Conta cun equipo de traballo estable, dedicado á creación e distribución de espectáculos teatrais, á formación teatral e á produción de eventos culturais.

Talía Teatro dispón dunha grande oferta de espectáculos de diferentes formatos e temáticas e que atenden a distintos públicos. Espectáculos con selo propio, coidados artística e esteticamente e que definen un estilo e unha forma de facer teatro.

Contratación

Artur Trillo
630 877 153
info@taliateatro.gal
taliateatro.gal

Auri Ferreiro
683 127 724
info@taliateatro.gal
taliateatro.gal

Actividades PRO

Galicia
Escena
PRO

Espectáculos en formato pitching

A derradeira leición do mestre
Grupo Chévere

Luns 2 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

No verán de 2024 comezamos a traballar nun novo proxecto de creación titulado *A derradeira leición do mestre,* que se estreará en febreiro de 2026 no Auditorio de Galicia, de Santiago de Compostela. O fío condutor do proxecto é o cadro de Castelao titulado *A derradeira leición do mestre*. E o punto de partida da nosa investigación é o acto institucional de recepción que se lle fixo ao cadro na Cidade da Cultura cando foi exposto por primeira vez en Galicia no ano 2018. Un detonante que nos servirá para abrir un diálogo sobre artes nacionais, identidades colectivas e psicopatoloxías da memoria.

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

Contacto
Patricia de Lorenzo González
628 474 557
patricia@grupochevere.eu
www.grupochevere.eu

A metamorfose
Sarabela Teatro

Luns 2 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Que pasa cando lle quitamos a categoría de humano a un ser humano? Se non son seres humanos, que son? Bechos, insectos? Que pasa cando deixamos de ser útiles para a sociedade? *A metamorfose* amosa a necesidade de ser valorados polo que somos, non polo que producimos. É a historia dun home só, esmagado pola iniquidade dos outros.

Carlos Álvarez Ossorio dirixe e adapta este texto cun elenco formado por Fernando Dacosta, Elena Seijo, Fernando González, Sabela Gago e Fina Calleja, e cun equipo no que Baltasar Patiño está a cargo da iluminación, Nuria Sotelo do movemento escénico, Ruth D. Pereira do vestiario e Vadzim Yuknevich do campo sonoro. Todos, na procura dunha experiencia teatral única.

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

Contacto
Fina Calleja
629 860 580
sarabelateatro@yahoo.es
www.sarabelateatro.com

Manual de patronaxe
Teatro do Noroeste

Luns 2 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Manual de patronaxe é un texto de Nerea Brey, 18º Premio Abrente, da MIT de Ribadavia, dirixido por Clara Gayo, nunha produción de Eva Alonso, coa interpretación de Iolanda Muíños, María Roja e Susana Sampedro.

Este proxecto presenta a nova liña creativa de Teatro do Noroeste. Obra de autoficción na que a personaxe da escritora busca descubrir a súa identidade, nese momento vital no que camiñamos cara á persoa que queremos ser. Nas lembranzas da nena que foi, descobre que a súa avoa modista foi un verdadeiro modelo feminista. Unha peza aberta e flexible que abre un suxestivo diálogo interxeracional. Unha reivindicación deses momentos que, pasando desapercibidos, son o bordado da nosa vida.

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

Contacto
Eva Alonso
636 397 722
eva@teatrodonoroeste.com
www.teatrodonoroeste.com

Melina Regueira
633 909 484
distribucion@teatrodonoroeste.com
www.teatrodonoroeste.com

Oh, mammi blue!
Cinema Sticado

Luns 2 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Oh, mammi blue! comeza coas primeiras horas dun parto, as últimas dun embarazo e a sensación de que algo vai saír mal. A través dunha serie de incidentes e erros cos que a protagonista se compromete ata o final, asistiremos a un desenlace inesperado que cambiará a súa vida, e a dos que a rodean, para sempre.

Oh, mammi blue! é unha obra irreverente, máxica, profunda e lúcida. Un monólogo tráxico cargado de humor que desafiará as expectativas do espectador.

Contacto
Helena Varela Barrio
646 398 035
varelabarriohelena@yahoo.es
cinemasticado.com

Xoguetes rotos
Barrosanta e ButacaZero

Luns 2 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Segundo espectáculo de Barrosanta, neste caso en coprodución con ButacaZero. Un texto de Carolina Román adaptado e traducido por Esther Carrodeguas e Roberto Pascual e dirixido por Xavier Castiñeira.

Xoguetes rotos narra a historia de Mario, un mozo que traballa como oficinista en Vigo e que grazas á súa amiga Dorín, unha transexual do mundo do espectáculo, asumirá ser en público quen descobre ser para si mesmo: unha muller. Unha viaxe de autocoñecemento e autoafirmación que acontece á vista do público, facendo un repaso polas súas lembranzas persoais, dende a infancia na súa aldea ourensá até a madurez no Vigo industrial dos 70.

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

Contacto
Anxo Outumuro Abad
669 029 556
anxooutumuro@gmail.com

Galerock 'N' Magic
Mago Teto

Martes 3 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Como se podía continuar un espectáculo tan intenso, divertido e sorprendente como *Rock 'N' Magic?* Non se pode. Só podemos mellorar isto dun xeito, facendo un novo volume coas nosas músicas, co rock e a música galega que marcaron e marcan as nosas vidas. *Galerock 'N' Magic* é un percorrido desde o rock do Xabarín Club, que marcou unha xeración, ata os grupos musicais actuais que están poñendo de novo a música galega no máis alto. Moita música en directo, pero tamén moito humor e moita maxia nun espectáculo nostálxico para unhas persoas, divulgador para outras e fascinante para todas.

Contacto
Héctor Guerra
607 384 027
maxia@magoteto.com
www.magoteto.com

Monte
Laboratorio Escénico

Martes 3 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Laboratorio Escénico é unha compañía que crea espectáculos multidisciplinarios ao servizo de temáticas sociais en diferentes formatos para poder chegar a todos os espazos e públicos.

Seguindo a liña musical iniciada con *Blues de medianoite,* Laboratorio Escénico crea *Monte,* un novo espectáculo para chegar a todos os públicos, dende o diálogo entre a danza, o teatro e a música.
É un achegamento aos puntos en común que temos entre Galicia e Cuba dende a visión dunha muller que ben puido vivir a emigración de ida e volta, forte e sabia, que coñece todos os segredos do monte. Coñece todas as herbas, as lendas e as beberaxes, e mantén unha forte conexión coa terra, os tambores, a voz e a clave.

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais

Contacto
Alba Fernández Cotelo
675 461 907
administracion@laboratorioescenicocoop.com
laboratorioescenico.gal

Ninguén tira fotos nos enterros
Carlota e Compañía

Martes 3 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Como fai unha familia para celebrar, a un tempo, unha voda e un enterro?

Ninguén tira fotos nos enterros é unha autoficción participativa que rescata un recordo íntimo e familiar, poñéndoo ao servizo da maxia do momento e coa fotografía analóxica como aliada. É o primeiro proxecto en solitario de Carlota Mosquera, que recibiu o premio á mellor interpretación no M2 do Fiot de Carballo 2023 e foi a obra gañadora do Pezas dun Teatro do Porvir da AELG.

A obra estrearase en 2026 no Teatro Rosalía Castro da Coruña. No camiño á estrea acompañarán no proxecto Atenea García, Marta Alonso (acompañamento en dirección e dramaturxia), Ángel Sousa (iluminación) e Neme (vestiario).

Contacto
Carlota Mosquera
670 627 711
bruna.tremula@gmail.com
www.carlotamosquera.com

O arcón de Noa
Amarelo Cía.

Martes 3 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Noa é unha nena que vive con súa nai nunha casa apartada e non ten con quen xogar. No seu arcón garda os xoguetes que xa non a entreteñen. Un día, sen decatarse, activa un encantamento e entra no mundo máxico que habita no arcón, onde os xoguetes cobran vida e un ser misterioso goberna sobre eles.

A través da linguaxe da danza contemporánea, a utilización de obxectos e a interacción co dispositivo escénico, o espectáculo mostra múltiples situacións e personaxes guiadas por unha narración clásica de conto de maxia e fantasía, estimulando a imaxinación das nenas e nenos ao tempo que trata valores sociais como a empatía, a cooperación e o respecto á diversidade.

Contacto
Lilian Portela-Amarelo Distribución
610 106 808
lilian@amarelo.es
www.amarelo.es

O espírito de Vania
Machi Salgado

Martes 3 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Unha posta en escena íntima e minimalista, un único actor fai todos os personaxes, guiado pola necesidade profunda de habitar cada unha das súas feridas. O tío Vania e a súa sobriña Sonia loitan por manter a herdade familiar, mentres os soños se esvaen e o amor non correspondido pesa coma unha carga. A chegada do profesor e da súa nova esposa remexe o equilibrio fráxil da casa.

O espírito de Vania non é só unha obra, é un acto de resistencia persoal, unha tentativa de atopar sentido, beleza e humor na desesperanza compartida.

Contacto
Machi Salgado
678 776 892
machi.salgado@gmail.com

Os Senteito
Caramuxo Teatro

Martes 3 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Os Senteito é o novo espectáculo de Caramuxo Teatro, unha comedia con máscaras e sen texto, protagonizada por Laura Sarasola e Juan Rodríguez, que aborda a importancia da convivencia entre diferentes e o dereito á vivenda.

O señor Senteito vive nun pequeno contedor nunha pequena parcela do seu mundo vendo o día a día pasar. Un día chega a señora Senteito e a súa rutina mudará para sempre.

Contacto
Helena Capera-Urdime
604 019 213
helena@urdime.net
urdime.gal

Emi Candal-Urdime
619 920 335
emicandal@urdime.net

Todas temos a mesma historia
LaGriot'te

Martes 3 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Por primeira vez en Galicia preséntanse estes tres monólogos de Darío Fo ligados nunha mesma obra, onde se amosan distintos tipos de violencia que sofre unha muller en tres momentos da súa vida. Pero como toda obra de Fo, non perde a ironía e comicidade, pese a falar de temas tan espiñosos.

A través desta peza, non só queremos aportar a mirada orixinal de Darío Fo e o traballo imaxinativo de LaGriot'te na representación, senón ampliar o proxecto con outras actividades derivadas da función coas que traballar e así espallar unha serie de ferramentas teatrais sobre o tema. Un traballo coidado, visual e traxicómico co que ollar a nosa actualidade.

Contacto
Nazan L. Bamio
658 689 282
producciones@lagriotte.es
www.lagriotte.es

Mesas

Boas prácticas na distribución de espectáculos

Mércores 4 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Existe un diálogo fluído e constante entre os creadores e creadoras e as persoas encargadas da programación? Son as distribuidoras un nexo real entre a creación e a exhibición? Está a programación de espazos escénicos en sintonía co traballo das compañías? Existe unha conexión efectiva entre a creación, os axentes mediadores e o público? A distribución de espectáculos familiares atópase nun momento diferente respecto á dos dirixidos ao público adulto?

Estas e outras cuestións serán o eixe dun encontro que busca mellorar a calidade, eficacia e coherencia da distribución escénica no noso territorio, reflexionando sobre o papel que esta xoga nas redes de programación e circuítos de Galicia. Analizar modelos de referencia axudaranos a identificar e valorar aquelas prácticas consideradas como exemplos de bo facer neste ámbito.

Interveñen

Daniel Juste
Programador do Teatro José María Rodero, Torrejón de Ardoz, Madrid

Helena Ordóñez
Codirectora de Contorsions-Festival Internacional de Circ de València

Susana Rubio
Presidenta de ADGAE-Asociación de Empresas de Distribución y Gestión de las Artes Escénicas

Modera

Gustavo del Río
Organización Galicia Escena PRO 2025

A remuda na programación escénica. Outros modelos

Xoves 5 de xuño | 13.30 h
Museo das Peregrinacións e de Santiago

Dando continuidade á mesa organizada en Galicia Escena PRO en 2024, queremos afondar nesta edición na análise dos diferentes perfís profesionais que se responsabilizan da programación nos teatros e espazos escénicos.

En moitas organizacións culturais a nivel estatal estase a abrir un debate de fondo sobre o futuro da programación escénica, unha reflexión que vai máis alá do simple cambio xeracional. Estamos asistindo á perda de profesionais da cultura á fronte das institucións? Que factores están a propiciar esta situación? E, sobre todo, que perfís están realmente asumindo esa remuda?

Interveñen

Miguel Ángel Barreales
Programador do Teatro El Albéitar, León

Pol Gil
Director executivo da Mostra Igualada-Fira d'espectacles infantils i juvenils e membro da Xunta Directiva de COFAE

Paloma Morcillo
Programadora do Teatro López de Ayala, Badajoz

Modera

Gustavo del Río
Organización Galicia Escena PRO 2025

industriasculturais.xunta.gal
galiciaescenapro.gal

Zona PRO

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Praza de Praterías, s/n
Santiago de Compostela

Acreditacións e información

Horario: de luns a xoves,
de 9 a 14 h e de 16 a 19 h

Espazo de traballo e encontros profesionais

Horario: de luns a xoves,
de 9 a 14 h e de 16 a 19 h

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Escena Galega

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

Afundación Obra Social ABANCA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Feira asociada á

cofac COORDINADORA DE FERIAS DE ARTES ESCÉNICAS